

O Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia é un servizo de:



Somos unha asociación LGTBI+ que traballamos en prol da **defensa dos dereitos e a plena igualdade** da comunidade LGTBI+ nos diferentes eidos da sociedade.

Entre o noso labor está o de ofrecer **servizos de atención** á comunidade LGTBI+ como é o **Observatorio**, as **probos rápidas de VIH e VHC**, **atención e información** xeral sobre diversidade, **formación** en centros educativos, empresas e outras institucións públicas e privadas, así como a organización de **actividades culturais, de lecer ou formativas** para as persoas socias e poboación xeral, achegando deste xeito a diversidade á cidadanía, derrubando prexuízos e axudando a **crear unha sociedade máis igualitaria e multicolor**.

No ano **2017** poñemos en marcha Observatorio Coruñés Contra a LGTBIfobia co obxectivo principal de **prestar apoio e asesoramento a todas aquelas persoas vítimas dunha situación LGTBIfóbica**, exercer un **labor de visibilización, concienciación e prevención** sobre esta realidade que a nosa comunidade segue a vivir a día de hoxe, así como facer unha **análise de datos vencellados a estes incidentes** ocorridos en territorio galego, inexistente ata ese momento. Desta análise xorden os **informes anuais do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia**.


Podes consultar os informes e outros recursos na nosa web:

www.corunasenodio.org/gl/recursos-gl/

ou acceder a través do seguinte QR:



COLABORA:



Denuncia!





Observatorio Coruñés
contra a LGTBIfobia


Podes contar con nós

Se es vítima ou presencias unha agresión LGTBIfóbica (insultos, ameazas, humillacións, acoso ou agresión física) non dubides en chamar.

O teu testemuño é importante!

 622 072 940

 corunasenodio.org

 denuncia@corunasenodio.org

Que podes facer nestes casos...

Son vítima dunha agresión LGTBIfóbica

- ◆ De ser posible, busca acubillo nun lugar seguro (farmacia, local de hostalaría, hotel, etc.).
- ◆ Chama aos **servizos sanitarios (061)** e, na medida das túas posibilidades, ponte en contacto coa **Policía Nacional (091)** ou a **Garda Civil (062)**.
- ◆ Se no momento dos feitos había testemuñas, solicita os seus datos de contacto.
- ◆ Despois de recibir atención sanitaria solicita sempre un parte de lesións.
- ◆ Cando teñas forzas, non ten que ser directamente trala agresión, **comparte con nós esta información** e darémosche o apoio preciso (asesoramento e acompañamento) para interpoñer a denuncia ante a Policía Nacional ou a Garda Civil.

Son testemuña dunha agresión LGTBIfóbica

- ▶ Ponte en contacto de xeito urxente coa **Policía Nacional (091)** ou a **Garda Civil (062)**.
- ▶ Se é preciso, chama aos **servizos sanitarios (061)**.
- ▶ Presta atención aos **rasgos característicos das persoas agresoras** e informa ás autoridades policiais e á vítima (de ser posible) da túa condición de testemuña.
- ▶ **Comparte con nós esta información para axudarche e rexistrar axeitadamente os feitos.**

Vandalismo con mensaxes de odio

- ▶ Fai unha foto ou vídeo e apunta o enderezo onde se atopa.
- ▶ **Comparte con nós** para que rexistremos o incidente.
- ▶ **Informa ao concello** para que tomen as medidas oportunas. Neste trámite podes contar coa nosa axuda!


Olo!

Coidado con **!** compartir imaxes da agresión nas redes sociais ou na prensa. Contacta connosco para saber como facelo dun xeito seguro!

En que podemos axudarche?

- **Consello e apoio**
- **Acompañamento**
 - ▷ Atención médica
 - ▷ Interpoñer denuncia
- **Asesoramento**
 - ▷ Legal
 - ▷ Denuncia pública
- **Rexistro**

Contacto:

 622 072 940

 corunasenodio.org

 denuncia@corunasenodio.org

Asistencia sanitaria

- ◆ 112 - Emerxencias
- ◆ 061 - Ambulancias
- ◆ Centro de saúde
- ◆ Punto de Atención Continuada (PAC) máis próximo
- ◆ Urxencias hospitalarias



Mapa de servizos sanitarios de Galicia

Seguridade

- ◆ 112 - Emerxencias
- ◆ 091 - Policía Nacional
- ◆ 062 - Garda Civil
- ◆ 092 - Policía Local

Denuncia

- ◆ 091 - Policía Nacional
- ◆ 062 - Garda Civil
- ◆ APP AlertCops
- ◆ Xulgado de garda
- ◆ Fiscalía de Delitos de Odio

O que non se denuncia non existe!

- ▶ Lembra que o Estatuto da Vítima permite que poidamos acompañarte á hora de facer a denuncia.
- ▶ Fai constar na túa denuncia os insultos e os indicios de LGTBIfobia para que a agresión sexa tratada como delito de odio. Non esquezas adxuntar o parte de lesións.
- ▶ Ten en conta que se días máis tarde tes máis detalles relevantes que aportar, podes ampliar a denuncia.